



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE ARTEIXO

Número 41/2021

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A FINANCIACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS, COMO CONSECUENCIA DA CESIÓN DO POLIGONO DE
SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO**

A Coruña, 23 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso.

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, Don José Carlos Calvelo Martínez.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

O Polígono de Sabón foi promovido pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar a instalación de industria pesada que podía ser atraída pola Refinería de Petróleo inaugurada en 1964.

Para iso, a Deputación provincial redactou o Plan de ordenación parcial do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e as súas ordenanzas que regulan o uso dos terreos incluídos neste Polígono que foron aprobados pola Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo o 30-10-1965 (BOP do 11-11-1965).

O investimento orzado foi de 200 millóns de pesetas, en dúas fases, a primeira de 130 millóns a cargo dun crédito do Banco de Crédito Local á Deputación provincial e a segunda financiouse con cargo á venda das parcelas industriais.

En 1966 levantáronse as actas previas á ocupación, redactáronse e aprobaron os proxectos de construción das infraestruturas e o 28 de outubro de 1966 adxudícanse as obras da primeira fase.

As primeiras empresas instálanse a principios dos anos 70, estando, nestes momentos, practicamente ocupado ao 100 %. E este polígono configúrase como un motor esencial no desenvolvemento da actividade industrial e económica, así como un eficaz instrumento dinamizador da creación de emprego na provincia.

A xestión do Polígono e dos seus servizos foron asumidos pola Deputación ata a data,

en que, dado o gran desenvolvemento do Concello de Arteixo e no espírito de colaboración entre ambas as dúas administracións, o 5 de xuño de 2013, asinouse o Protocolo para a Definición, Coordinación e Programación das Actuacións para a Recepción, polo Concello de Arteixo, das Obras de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón propiedade da Deputación Provincial da Coruña”.

En cumprimento do citado protocolo o Pleno da Corporación na súa sesión do 30 de setembro de 2014 aprobou inicialmente o expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo e o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión. Na sesión de 27 de novembro de 2014 aprobou definitivamente do expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo. O convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do polígono de Sabón, formalizouse o 04/12/2014 co número 297/2014.

A Deputación, en cumprimento do citado convenio, transferiu as infraestruturas que se indican na cláusula II e as parcelas que se indican na cláusula IV do mesmo.

Na cláusula III do convenio inclúíanse as obras que haberían de realizarse de acordo co Plan Director de Actuacións que se incorporaba como anexo III.

No Pleno da Deputación de data 23/12/2016 aprobouse a modificación do citado convenio, e en data 30/12/2016 asinouse o convenio de colaboración 206/2016 entre a Excm. Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo para a modificación do convenio 297/2014 para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do polígono de Sabón, que entre outros aspectos modificaba a cláusula III e anexo do convenio formalizado o 04/12/2014.

Este convenio preveía unha prórroga ata o 12/12/2018.

Previo estudo pola Comisión de Seguimento prevista no convenio, considerouse necesario realizar modificacións no Plan Director para adaptalo á realidade e as necesidades do Polígono de Sabón.

As actuacións derivadas destes convenios atópanse na situación que se detalla na tabla que se incorpora como anexo a este convenio.

En virtude de todo o exposto, ambas partes conveñen en aprobar o seguinte convenio:

1.-OBXECTO:

1.1.- AMBITO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e financiación para a execución das obras necesarias derivadas do Plan Director de Actuacións do Polígono de Sabón e das novas necesidades acreditadas polo Concello de Arteixo, dando continuidade ás actuacións xa realizadas en virtude dos convenios 297/2014 de 04/12/2014 e 206/2016 de 30/12/2016

2. OBRAS QUE SE HAN DESENVOLVER FINANCIADAS POLA DEPUTACION

2.1.-OBRAS:

As obras que se han realizar se incorporan ao Plan Director de Actuacións do Polígono de Sabón

A Deputación provincial e o Concello de Arteixo, expresan a súa conformidade na valoración das posibles actuacións que se han realizar nas obras de urbanización do Polígono de Sabón para adecuar tecnicamente estas aos tempos actuais.

As actuacións que se acordan son as seguintes:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo). Lote 1	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	3.624.519,57 €	3.564.098,70 €	

2.2.- PROXECTOS E ORZAMENTOS:

2.2.1.- O Concello de Arteixo redactou as seguintes memorias valoradas:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo)	1.810.914,50 €
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo)	495.230,26 €
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469,00 €
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719,00 €
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €

2.2.2.- A redacción dos proxectos técnicos corresponde ao Concello de Arteixo.

Os proxectos técnicos serán obxecto de supervisión polos servizos técnicos da Deputación, que comprobarán que a súa finalidade se adecúe ao obxecto do convenio de mellora dos servizos do Polígono, co obxecto de garantir o cumprimento do presente convenio.

A aprobación dos proxectos a realizará o órgano competente do Concello de Arteixo, e na Deputación mediante resolución de Presidencia.

O resumo do orzamento das actuacións do presente convenio e que se incorpora ao Plan director de actuacións do Polígono de Sabón é o que se recolle no apartado 2.1 anterior.

Calquer incremento no importe dos proxectos en relación cos importes reflectidos nas memorias valoradas, serán por conta do Concello de Arteixo.

2.3.- FINANCIAMENTO DEPUTACION

A Deputación provincial, asume, con cargo ao seu orzamento, o financiamento das actuacións recollidas no presente convenio con arreglo ao indicado na cláusula 2.1 anterior, que ascende a 3.564.098,70 €.

O financiamento provincial citado imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4221/762.01, do Orzamento provincial do exercicio 2021, condicionado á aprobación do correspondente expediente de modificación de créditos e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O detalle da financiación será o seguinte:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %

abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo)			
Medidas correctoras de mejora del abastecimiento del Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo)	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	3.624.519,57 €	3.564.098,70 €	

No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total, a Deputación só achegará o importe que represente o porcentaxe de financiamento indicado no cuadro anterior, da cantidade efectivamente xustificada.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados dos contratos de execución das obras cuxos proxectos se aprobaron previamente por resolución da Presidencia. Non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

Para atender á achega provincial comprometida habilitarase o crédito necesario no correspondente expediente de modificación de créditos, a cuxa entrada en vigor se condiciona a eficacia do presente convenio. En todo caso, a Deputación levará a cabo as actuacións orzamentarias necesarias para permitir o financiamento das achegas ao presente convenio durante a súa vixencia.

O prazo para a execución das actuacións obxecto deste convenio iníciase coa entrada en vigor do presente convenio e estenderase ata o 31 de outubro de 2025, polo que deberá xustificar antes do devandito prazo a finalización das obras.

A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Concello de Arteixo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

3.- REDACCIÓN DE PROXECTOS.

O Concello de Arteixo redactará os correspondentes proxectos, que serán sometidos a supervisión por parte da Deputación.

A aprobación dos proxectos previo a tramitación que proceda, corresponde ao Concello de Arteixo e, unha vez aprobados, deberán remitirse a esta Deputación para a súa aprobación aos meros efectos de verificación de cumprimento dos requisitos establecidos no presente convenio.

4.- DISPONIBILIDADE DE TERREOS

Unha vez aprobados os proxectos, o Concello de Arteixo tramitará os correspondentes expedientes expropiatorios ou as adquisicións necesarias para obter a plena disponibilidad dos terreos afectados polas obras e instalacións, sendo a súa conta os gastos que diso se deriven.

5.- OBTENCIÓN DE AUTORIZACIÓNS E PERMISOS

Corresponde ao Concello de Arteixo solicitar todas as autorizacións e permisos que sexan necesarios para realizar as obras comprendidas no presente convenio.

6.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E CONTRATOS CONEXOS

O Concello de Arteixo, de acordo cos proxectos aprobados, licitará e contratará as obras correspondentes.

Así mesmo, contratará a redacción dos proxectos, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, sendo a cargo deste Concello os gastos que diso se derive.

No procedemento de contratación, o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

No caso de que o Concello tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

Nas licitacións dos proxectos que sexan executados con cargo ao presente convenio, cando exista Mesa de Contratación, figurará un técnico representante da Deputación provincial.

7.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS. ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

O Concello notificará a Deputación a adxudicación e formalización dos contratos e solicitará a presenza dun Técnico da Deputación na comprobación do replanteo.

8.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Arteixo estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

9.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación para a execución de obras, efectuarase previa presentación por parte do Concello de Arteixo da correspondente certificación de obra aprobada polo órgano competente e acompañada da documentación que se indica a continuación:

1.a) Primeira certificación de cada obra: achegarse a seguinte documentación:

- 1.a.1. A correspondente **certificación de obra aprobada polo órgano competente**
- 1.a.2. Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: procedemento de adxudicación, prego de cláusulas administrativas, empresa adxudicataria, contrato, importe do contrato e prazo de execución
- 1.a.3. **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- 1.a.4. Acreditación do cumprimento das **obligacións tributarias e coa Seguridade Social**
- 1.a.5. **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- 1.a.6. **Acreditación da colocación do cartel informativo** mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

1.b) A achega da Deputación correspondente ás restantes certificacións de cada obra aboarase previa presentación da seguinte documentación.

- 1.b.1. Certificación de obra aprobada polo órgano competente.
- 1.b.2. Acreditación do cumprimento das **obligacións tributarias e coa Seguridade Social**
- 1.b.3. **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2. Finalizada completamente cada unha das obras, o Concello de Arteixo deberá achegar, coa última certificación, a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- **2.1. Acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **2.2. Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- **2.3. Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Arteixo.

10.-TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto, deberán estar finalizadas antes de 31 de outubro de 2025. Unha vez finalizadas as obras, o Concello de Arteixo deberá presentar a xustificación documental á que se refire o presente convenio nun prazo máximo DUN MES contado a partir da súa finalización. Os devanditos prazos poderán ser prorrogados por causas xustificadas.

2. Transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación algunha, estarase ao disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e Bases de execución do Orzamento da Deputación.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

11.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Arteixo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

12.-DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Arteixo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria.

13.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Arteixo poderá ser incluído pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Da mesma forma, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Arteixo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

14.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado no presente convenio e a data do pago efectivo ao terceiro.

15.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación das obras e concello perceptor da subvención serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Arteixo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

16-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento formada por catro vocais a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos presidentes, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

17.- VIXENCIA E EFICACIA

A eficacia do presente convenio queda condicionada a redacción, supervisión e aprobación dos correspondentes proxectos e a existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades e conservará a súa vixencia ata o día 30 de NOVIEMBRE do 2025.

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Estas condicións acreditaranse expresamente a través de resolución de presidencia previos os informes preceptivos.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula X, deberá solicitar **antes do 31 de outubro de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe restante. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula 10 do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

18.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARTEIXO**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: José Carlos Calvelo Martínez

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almau Supervía

ANEXO

ACTUACIÓNS INCLUIDAS NO CONVENIO 2016

CAPÍTULO	ACTUACIÓN	PTO. OBRA (IVE INCLÚIDO)	IMPORTE A SUBVENCIONAR	PARTIDA ORZAMENTARIA	CÓDIGO PROXECTO	APROBACIÓN	OBSERVACIÓNS
1. ABASTECIMIENTO			3.040.788,71				
	1.1. Reposición tubaxe de fibrocemento en polietileno	241.898,57	241.898,57	0410/4221/76201	2017.7493.0001.0	R.P. 192 11/01/2017	FINALIZADA
	1.2. Finalización rede interior polígono auga potable en polietileno	0,00	0	NON TRAMITADA POLO CONCELLO			
	1.3. Rede contraincendio con hidrantes	82.981,44	82.981,44	0410/4221/76201	2017.7493.002.0	R.P. 17112 15/07/2016	FINALIZADA
	1.4. Mellora da captación do encoró do Rosadoiro e da ETAP fase II	1.210.000,00	405.912,36	0410/4221/76201	2017.7493.0003.0	R.P. 178 11/01/2017	CON ESTE CREDITO PRETÉNDESE TRAMITAR O CONVENIO 2021, CON OUTRA DENOMINACION (LOTES 1 E 2)
	1.5. Novo colector de abastecemento ao Concello de Arteixo para servizo á rede xeral, ao polígono industrial de Sabón e ao porto	5.179.149,59	2.309.996,34	0410/4221/76201	2017.7493.0004.0	R.P. 185 11/01/2017	

CAPÍTULO	ACTUACIÓN	PTO. OBRA (IVE INCLUIDO)	IMPORTE A SUBVENCIONAR	PARTIDA ORZAMENTARIA	CÓDIGO PROXECTO	APROBACIÓN	OBSERVACIÓNS
	exterior e conexión de saneamento ao porto exterior						
2. SANEAMENTO			411.789,33				
	2.1. Reposición tubaxe de formigón en PVC	134.369,00	134.369,00	0410/4221/76201	2017.7493.0005.0	R.P. 17116 15/07/2016	FINALIZADA
	2.2. Reforma integral do pozo de bombeo situado na Avda. do Embalse. Polígono Industrial de Sabón	277.420,33	277.420,33	0410/4221/76201	2017.7493.0006.0	R.P. 177 11/01/2017	PENDENTE DE SUBSANACION DOCUMENTACION
	2.3. Cámaras de descarga automática en arranque de colectores	0,00	0	NON TRAMITADA POLO CONCELLO			
3. ILUMINACIÓN			524.673,82				
	3.1. Substitución luminaria a leds	524.673,82	524.673,82	0410/4221/76201	2015.7493.0002.0	R.P. 11814 02/06/2015	FINALIZADA
4.	-----	-----	-----				

CAPÍTULO	ACTUACIÓN	PTO. OBRA (IVE INCLÚIDO)	IMPORTE A SUBVENCIONAR	PARTIDA ORZAMENTARIA	CÓDIGO PROXECTO	APROBACIÓN	OBSERVACIÓNS
5. PAVIMENTOS							
	5.1. Refuerzo de firmes no Polígono de Sabón	296.427,13	296.427,13	0410/4221/76201	2017.7493.0007.0	R.P. 179 11/01/2017	FINALIZADA
6. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES			848.190,00				
	6.1. Adecuación espazos libres e zonas verdes	848.190,00	848.190,00	0410/4221/76201	2017.7493.0008.0	R.P. 22496 23/09/2016	CON ESTE CREDITO PRETÉNDESE TRAMITAR O CONVENIO 2021, CON OUTRA DENOMINACION (3 SENDAS)
	TOTAL		5.121.868,99				
Mellora da captación de auga do encoro de Rosadoiro e da ETAP (Fase I)		627.591,99	627.591,99	0410/4221/76201	2015.7493.0001.0	R.P. 14923 09/07/2015	PENDENTE DE SUBSANACION DOCUMENTACION
Sustitución das bombas do bombeo de Rañal		169.810,02	169.810,02	0410/4221/76201	2015.7493.0003.0	R.P. 11815 02/06/2015	FINALIZADA
TOTAL			797.402,01				
IMPORTE TOTAL			5.919.271,00				